




I.E.S. Lama das Quendas
R./ Uxío Novoneyra s/n
27500 - Chantada (Lugo)

Tel.: 982870223 – Fax: 982870233
www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas
ies.lama.quendas@edu.xunta.es



MEMORIA DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CURSO 2023/2024

I.E.S. LAMA DAS QUENDAS

MEMBROS DO EDLG CURSO 2023/2024

Coordinador	Andrés Sánchez Labandeira
Profesorado	Antonio Fente Parada Andrés Sánchez Labandeira
Persoal non docente	Sonia Rey Rodríguez

ÍNDICE

1.	ACTIVIDADES DO 1º TRIMESTRE	3
1.1.	Información ás familias sobre os obxectivos do EDLG do Centro	3
1.2.	En galego triunfamos	3
1.3.	Actividades non realizadas	3
2.	ACTIVIDADES DO 2º TRIMESTRE	4
2.1.	“Cartas e mensaxes de amor”	4
2.2.	Actividades non realizadas	4
3.	ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE	5
3.1.	Conferencias “Ciencia en galego”.	5
3.2.	Intercambio co CEIP as Bizocas de O Grove	5
3.3.	Cinema en galego	5
3.4.	Revista a nosa quenda.....	6
3.5.	Actividades non realizadas neste trimestre.....	6
4.	OUTRAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS AO LONGO DO CURSO	7
4.1.	Información ao profesorado sobre recursos para o uso do galego.....	7
4.2.	Colaboracion coas actividades das organizacións de defensa da lingua	7
4.3.	Outras actividades.....	8
5.	VALORACIÓN FINAL DAS ACTIVIDADES	9
6.	VALORACIÓN DA CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS.....	9
6.1.	Obxectivos para o profesorado	9
6.2.	Obxectivos para o alumnado	10
6.3.	Obxectivos en relación co contorno	10
6.4.	Obxectivos encamiñados a mellorar a situación lingüística do centro	11
7.	RELACIÓN DE GASTOS	12

1. ACTIVIDADES DO 1º TRIMESTRE

1.1. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS SOBRE OS OBXECTIVOS DO EDLG DO CENTRO

Os pais e nais dos alumnos foron informados do EDLG do centro empregando as novas tecnoloxías ao longo do mes de outubro, tal e como aparece recollido no proxecto presentado a principios de curso. Nesta reunión informámouselhes dos seus obxectivos e actividades que desenvolven.

Custo da actividade: **0 euros.**

1.2. EN GALEGO TRIUNFAMOS

Foron elaborados murais con fotos, artigos..., de galegos con éxito social que usan a nosa lingua: deseñadores, músicos, deportistas, pintores, escritores...

Con esta actividade pretendemos a creación de actitudes positivas cara á lingua, aumentar a propia estima e eliminar condutas diglósicas.

Para dar os dous primeiros premios usamos agasallos que aportou o coordinador de equipo.

As alumnas premiadas foron:

1º. Vanessa González (4º ESO A)

2º- Antía Rodríguez (1º ESO A)

3º- Antía Hermida (1º ESO A).

Custo da actividade: **10 euros.**

1.3. ACTIVIDADES NON REALIZADAS

A única actividade no realizada foi a celebración do Samaín por falta de tempo para a súa organización.

2. ACTIVIDADES DO 2º TRIMESTRE

2.1. “CARTAS E MENSAXES DE AMOR”

Convocamos un novo concurso de Cartas de Amor, en colaboración coa biblioteca, para celebrar o Día dos Namorados o **14 de febreiro** cun premio para a mellor redactada e que expresase sentimentos como o amor e a amizade.

Pretendemos recuperar e estender o uso do galego ao ámbito das relacións persoais .

As alumnas premiadas foron:

1º Premio: Noelia Areán Bernárdez (3ºESO A)

2º Premio: Vanessa González Jorge (4ºESO A)

Accésits: Erika Fernández Gonzalez (3ºESO C)

Laura Pérez Varela (3ºESO A)

2.2. ACTIVIDADES NON REALIZADAS

O intercambio co CEIP As Bizocas do Grove aprazouse para o terceiro trimestre tras consultar con eles a data máis axeitada. Tampouco puidemos celebrar a conferencia con representantes de organizacións defensoras do galego nin o Día de Rosalía a causa da baixa do coordinador que non se incorporou ao traballo ata mediados do mes de febreiro.

3. ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

3.1. CONFERENCIAS “CIENCIA EN GALEGO”.

Tiñamos previsto traer creadores de videoxogos máis, dadas as dificultades de contactar con eles, optamos por celebrarmos dúas conferencias de contido científico para acostumar ao alumnado a relacionar a nosa lingua coas ciencias, tanto físicas como humanas. As dúas foron impartidas por investigadoras de Chantada que non cobraron nada por vir ao noso centro.

A primeira foi impartida po la catedrática da Universidade de Santiago D°. Esperanza Álvarez Rodríguez sobre “Os solos, fertilidade e problemas de contaminación” o 9 de abril para 3º da ESO. A segunda pola profesora Tania Vázquez García sobre “Voces, espazos e representacións femininas na lírica galego-portuguesa” o 15 de abril para 1º de BAC.

Custo da actividade: **0 euros.**

3.2. INTERCAMBIO CO CEIP AS BIZOCAS DE O GROVE

O noso alumnado de 2º da ESO visitou o Grove o día 29 de abril e os alumnos do Grove viñeron a Chantada o día 29 de maio. Permitiu que uns e outras coñecesen zonas afastadas do seu lugar de residencia e escoitasen un galego con características diferentes ás que usan habitualmente.

Custo da actividade: **0 euros.** Foi financiada polo concello de Chantada.

3.3. CINEMA EN GALEGO

Durante o mes de xuño proxectamos filmes en lingua galega nalgunhas aulas do centro durante as horas de Xeografía e Historia. En concreto “18 comidas” en 1º da ESO A e O Apóstolo nas dúas aulas de 4º da ESO. Usamos os DVD da nosa biblioteca.

Custo da actividade: **0 euros.**

3.4. REVISTA A NOSA QUENDA

Un ano máis publicamos a revista A NOSA QUENDA. Aínda que na programación só tiñamos previsto colaborar, finalmente tivemos que facernos cargo da redacción, maquetación e xestionar a súa impresión. Ademais foi financiada co noso orzamento que debeu ser completado con achegas de fondos do centro.

Custo da actividade: **459 euros.**

3.5. ACTIVIDADES NON REALIZADAS NESTE TRIMESTRE

Neste trimestre non desenvolvemos a actividade prevista sobre feísmo lingüístico , o Correlingua nin a semana das letras. O motivo foi a falta de tempo pois xa organizamos 3 actividades e redactamos e maquetamos nós mesmos a revista. Todas elas precisaron de realizar xestións e moitas horas de traballo coincidindo co final de curso.



4. OUTRAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS AO LONGO DO CURSO

4.1. INFORMACIÓN AO PROFESORADO SOBRE RECURSOS PARA O USO DO GALEGO

Puxemos a disposición de todo o profesorado e persoal non docente a información necesaria para desenvolver o seu traballo na nosa lingua: lexislación, dicionarios, tradutores e correctores, prensa en galego, recursos educativos e pedagóxicos, ... Por outra banda, participamos xunto coa biblioteca na subscrición ao xornal *Nós Diario*, único en papel editado completamente en galego.

Custo da actividade: **240 euros.**

4.2. COLABORACION COAS ACTIVIDADES DAS ORGANIZACIÓNS DE DEFENSA DA LINGUA

Como vimos facendo nos últimos anos, durante este curso demos publicidade a algunhas das denuncias, mobilizacións e noticias referidas a estas e outras organizacións de defensa da lingua no taboleiro de anuncios do centro: A Mesa Pola Normalización, Prolingua, CENL,...

Cando son evidentes os sinais que apuntan a un progresivo deterioro da situación da lingua galega, entre os máis novos en xeral e no sistema educativo en particular, pareceunos importante facer chegar a todos os membros do IES unha mensaxe de apoio á normalización, á necesidade de manter os seus usos sociais e de participar activamente na defensa de todo aquilo que a define como un dos sinais de identidade claves da nosa cultura, que todos os galegos temos a responsabilidade de conservar. En definitiva, colaboramos con todas as entidades e persoas que están comprometidas coa conservación do noso patrimonio lingüístico e cultural común.

y

Custo da actividade: **0 euros.**

4.3. OUTRAS ACTIVIDADES

Aquí incluímos a compra de material, mantemento do Blog, difusión das TIC en galego..., así como a campaña levada a cabo no mes de outubro para concienciar aos alumnos da existencia do Equipo de Dinamización Lingüística e a importancia de colaborar nas actividades a desenvolver durante esta nova etapa.

Custo da actividade: **0 euros.**



5. VALORACIÓN FINAL DAS ACTIVIDADES

Desde un punto de vista económico a Administración mantén aos equipos de Dinamización Lingüística nunha situación máis precaria que aquela que puideron gozar antes de que a sociedade sentise os efectos económicos da Gran Recesión, mais grazas a iniciativa e o esforzo constante de varios compañeiros, as iniciativas culturais mantivéronse nun nivel alto, o que, por suposto, inclúe a promoción da Lingua Galega en todos os seus aspectos. Neste senso, consideramos que a valoración final debe ser positiva, e agardamos que nun futuro se poida conservar a inercia que as persoas que traballaron no centro nos últimos anos souberon crear co seu esforzo.

Porén, sendo este o factor fundamental que explica a sensibilidade lingüística e cultural en prol da defensa do galego que amosan unha boa parte dos nosos alumnos, non sería xusto non recoñecer que ao longo de todo o curso recibimos constantemente información e asesoramento por parte da coordinadora provincial de Equipos de Dinamización Lingüística da provincia de Lugo, impulsando innumerables iniciativas neste ámbito, que, como demostra a propia realidade do centro, non necesariamente se teñen que mover sempre en parámetros económicos.

6. VALORACIÓN DA CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Como acabamos de ver, podemos realizar boa parte das actividades previstas e, tendo en conta o alto grao de participación e implicación dos distintos membros deste centro, xa podemos concluír que cumprimos, na medida das nosas posibilidades, os obxectivos que marcamos a principios do curso.

6.1. OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO

- Obxectivo 1: (Modificar condutas sociolingüísticas...) Pensamos que o profesorado mantén, en xeral, unha actitude positiva respecto á necesidade de normalizar o uso da lingua galega no ensino e mesmo comparten as reivindicacións que os defensores do noso idioma vimos facendo dende hai tempo e, especialmente, desde que se comezou a legislar para limitar o seu uso en determinadas materias. Algúns profesores non usan o galego habitualmente, por motivos varios, pero coñecen os obxectivos do EDLG e participan nas nosas actividades con interese.

- Obxectivo 2: (Asesorar ao profesorado...) Ao longo do curso atendemos todas as dúbidas que os profesores manifestaron sobre os medios necesarios para desenvolver o seu traballo en galego e, polo tanto, cumprimos este obxectivo.

6.2. OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO

- Obxectivos 1 e 2: (Eliminar prexuizos e usar a lingua con fluidez) Contribuímos coas nosas actividades a desfacer os falsos prexuizos e tópicos que aínda se manteñen na xente nova sobre o galego e que tanto dificultan a súa normalización. Aínda así, sabemos que queda moito camiño por percorrer pois desde outros ámbitos, con moita máis influencia que o noso equipo, séguense fomentando con declaracións e actitudes incomprensibles. E pensamos que tamén axudamos a mellorar o seu correcto uso entre o alumnado falándoo correctamente e colaborando cos departamentos máis directamente implicados nese traballo.

- Obxectivo 3: (Uso do galego nas actividades do centro) Tamén o consideramos cumprido pois o galego vén sendo o idioma habitual nas actividades que se realizan neste centro.

- Obxectivos 4 e 5: Algunha das actividades premiou e favoreceu a creación científica, literaria ou artística, tal e como tiñamos programado a principio de curso e algunhas foron publicadas na revista *A Nosa Quenda* para darlle publicidade e reforzar o valor e autoestima dos alumnos e alumnas que participaron nelas.

6.3. OBXECTIVOS EN RELACIÓN CO CONTORNO

Os obxectivos que se recollen no proxecto foron acadados: informamos ás familias, estivemos en contacto cos Equipos de Dinamización Lingüística da comarca e, por suposto, coas organizacións de defensa do galego como A Mesa pola Normalización Lingüística, ProLingua, e coa Coordinadora de Equipos de Normalización Lingüística.

6.4. OBXECTIVOS ENCAMIÑADOS A MELLORAR A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

Neste apartado temos cumprido os obxectivos 1 e 2 coas actividades realizadas e, estamos seguros de que cumprimos tamén o obxectivo 3 referido á tolerancia e respecto polas diferentes opcións lingüísticas de todas as persoas coas que nos relacionamos.

Coa nosa actitude quixemos dar exemplo de tolerancia nun momento en que moitos falantes do idioma galego sufrimos discriminación, cando en moitos sectores da propia administración non usan o noso idioma cando nos diriximos a eles, cando empresas privadas se negan a falarnos en galego ou nos piden máis ou menos claramente que sexamos nós, galegos que vivimos en Galicia, os que cambiemos a lingua que usamos, cando algúns traballadores sofren represalias por pretender falar o idioma do seus pais e dos seus país.

Os defensores do galego non discriminamos a ninguén por razóns de lingua; fomentamos, favorecemos e potenciamos o uso do galego por que é a nosa responsabilidade facer que non se perda e contribuír desta maneira enriquecer a cultura universal.



7. RELACIÓN DE GASTOS

Actividade programada para a que utilizou o material facturado	Importe do gasto
En Galego Triunfamos	10 €
Subscrición ao xornal Nós diario.	240 €
Impresión do nº 16 da revista A Nosa Quenda (80 exemplares).	459 €
TOTAL	709 €

Para que así conste, asínase esta memoria co visto e prace do director do centro.

Chantada, 20 de xuño de 2024

Coordinador do EDLG



Asdo: Andrés Sánchez Labandeira



Visto e Prace
O DIRECTOR



Asdo: Javier Conde Vázquez